



**Xeración de Crédito 014X/19 (45/19)**

**Expte. Cividas: 2019028967**

**Expte. relacionado: 2019004928**

**XC – 014X/2019**

**DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica**

Vistos o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 30 de xullo (ref: 177/2019), refrendado pola Sra. Concelleira delegada de Facenda, en data 30/07/2019.

Emitido pola Intervención Xeral informe de control financeiro en data 05 de agosto (ref: 14X-19) no que informe desfavorablemente a xeración de crédito nº 14X/19 indicando que “o concepto de ingresos 451 está reservado pola Orde EHA/3565/ do 3 de decembro a subvencións procedentes de OO.AA e Axencias das CC.AA.”.

Emitido informe do Órgano de Xestión Económica, a solicitude da Sra. Concelleira de Facenda, en data 21/08/2019 (ref:189/2019), no que indica que “por este Órgano se comparte o criterio manifestado pola Intervención Municipal (no informe de data 05/08/2019) en canto a que non procede a utilización dun concepto 451 senón que é procedente a utilización do concepto de ingresos 450, e sendo que na contabilidade municipal existe o concepto 450.24 “Subvencións Xunta Programas Actividades de Xuventude”, propónse que o concepto orzamentario de ingresos orixe dos fondos que permiten a xeración de crédito proposta sexa: **450.24 “Subvencións Xunta Programas Actividades de Xuventude”** en lugar da 45103 “Subv Xunta Proxecto Programa Imposible” recollida no informe-proposta de data 30/07/2019, mantendo o resto da proposta nos seus exactos termos”.

Polo tanto, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de créditos feita pola Concellería delegada de Xuventude, mediante Providencia asinada o 15 de xullo, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido la Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 014-X/2019**, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

**APLICACIÓN DOS FONDOS**

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
N190.3370.22620	Programa e actividades xuveniles (noite xove....)	4.500,00 €
TOTAL.....		4.500,00 €

**ORIXE DOS FONDOS**

<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
45024	Subv. Xunta Programas Actividades de Xuventude	4.500,00 €



TOTAL..... 4.500,00 €

**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal** aos efectos contables oportunos e **á Concellería de Xuventude**, como centro xestor do gasto, aos efectos oportunos .

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

